



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional

Materia	Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional			
Código	V02M066V06227			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Sector Servicios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	González González, Salvador Guillermo			
Profesorado	Alvarez Lires, Francisco Javier González González, Salvador Guillermo Raposo Rivas, Manuela			
Correo-e	salva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os continuos cambios sociais que experimenta a nosa sociedade reflíctense nos comportamentos cidadáns e nas dinámicas dos centros e institucións educativas, cuxo meso e microsistema absorbe a diversidade e complexidade do **macrosistema social. O profesorado, os centros e institucións educativas enfróntanse no momento actual ao desafío de ofrecer resposta á ampla demanda educativa da sociedade contemporánea. Ante estes desafíos, o profesorado necesita e demanda recursos, formación e estratexias que lles permitan atopar respostas útiles, realistas e eficaces para adaptarse e adaptar a educación aos novos requirimentos sociais. Entre estes recursos e estratexias atópanse a innovación e a investigación educativa. Nela tratarase fundamentalmente de como abordar desde céntro e a clase proxectos de innovación e investigación didáctica			

## Competencias

Código				
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.			
C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade			
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.			
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.			
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.			

<b>Resultados de aprendizaxe</b>	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Deseñar e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da materia	C24 C25 D1
Deseñar e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas, orientadas á mellora docente.	C26 C27 D1
Saber traballar de maneira eficiente e construtiva en contornas cooperativas.	C26 D3

**Contidos**

Tema	
A función investigadora do persoal docente de FP.- Relevancia da investigación na FP.	
O profesorado como axente reflexivo e crítico, capaz de proxectar a innovación docente e a investigación educativa na mellora da súa propia práctica.	- Os métodos e técnicas de investigación e o seu papel na práctica docente. - O acceso a e manexo da información como elemento cruce da mellora docente.
Análise e valoración dos proxectos e experiencias innovadoras no ensino-aprendizaxe	
Deseño e desenvolvemento de propostas de innovación e investigación no ensino-aprendizaxe.	- A aprendizaxe cooperativa como proposta de innovación metodolóxica na aula.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	12	20	32
Traballos de aula	10	33	43
Debate	2	7	9
Traballos e proxectos	5	60	65

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades de presentación da materia e de coñecemento do alumnado.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Actividade de aula
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Actividade na aula e fora dela para o desenvolvemento de proxectos.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos de aula	Actividades de aula e observación e seguimento da asistencia e a participación do alumno	30	C27 D1 D3

Traballos e proxectos	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, xa sexan investigacións, traballos, proxectos ou programacións.	70	C24 C25 C26 C27	D1 D3
-----------------------	---	----	--------------------------	----------

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para conseguir unha avaliación continua positiva, dada a modalidade de ensino presencial do Máster, esíxese a todo o alumnado unha asistencia dun mínimo do 80% ás sesións, ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia.- O alumnado que non obteña unha avaliación continua positiva, sobre os parámetros expostos anteriormente, e presentase o proxecto de innovación educativa e/ou investigación), poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do máster para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigorosidade e profundización nos coñecementos e competencias conseguidas polo alumnado na materia e terá unha ponderación de 5 puntos (50% da nota final).

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Area, M., **Innovación pedagógica con las TIC y el desarrollo de las competencias informacionales y digitales**, 64, 2008

Bell, J., **Cómo hacer tu primer trabajo de investigación: guía de investigadores en educación y ciencias sociales.**, Gedisa, 2005

Bisquerra, R., **Metodología de la investigación educativa.**, Muralla, 2004

Cebrián, M., **Creación de materiales para la innovación educativa con TIC.**, 2004

Gairín Sallán, Joaquín; Medina Rivilla, Antonio, **Innovación de la educación y de la docencia**, 2ª, EDITORIAL UNIVERSITARIA RAMON ARECES, 2015

#### Bibliografía Complementaria

Arce, C. y Real, E., **Introducción al análisis estadístico con SPSS para Windows.**, PPU,

Etxeberria, J. y Tejedor, F. J., **ánalisis descriptivo de datos en educación**, La Muralla, 2005

Kvale, S., **La entrevista en la investigación cualitativa**, Morata, 2011

Tejada Fernández, J., **Estrategias de innovación en la formación para el trabajo.**, Tornapunta, 2009

Vallejo, A. F., Orti, M. y Agudo, Y., **Métodos y técnicas de investigación social.**, Centro de Estudios Ramón Areces, 2007

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V02M066V06301

Traballo Fin de Máster/V02M066V06401

### Outros comentarios

Esta materia ten un carácter marcadamente propedéutico con respecto as prácticas externas ou practicum que o alumnado realizará unha vez terminada a parte específica co traballo de fin de grao que terá que render e defender para conseguir o máster.